


Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega

Para a transición cara a
unha nova normalidade



Equipo de Normalización e
Dinamización da Lingua
engalego@iesblancoamor.com



Sabemos que toda a xente de Galicia, en maior ou menor grao, temos en nós a lingua galega e, ademais, identificámonos con ela. Pero, por razóns que non pararemos a explicar aquí, en moitos casos témola algo confinada, ben sexa por falta de costume, por vergoña, por falta de práctica ou, simplemente, porque non pensáramos antes niso, en que estaría ben deixala saír algo máis, pois é necesario que ande polos parques, que socialice polas redes, que se compartira cos demais.

**Por iso, para axudarche a
que poidas **desconfinar a
túa lingua**, propómosche
este plan voluntario de
desescalada para chegar a
unha nova normalidade!**



A desescalada do confinamento da lingua ten que ser gradual, asimétrica e coordinada

Gradual, porque consta de diversas fases nas que cada quen pode ir avanzando. **Asimétrica**, porque a situación de partida de cada persoa é diferente e, polo tanto, o ritmo de avance tamén pode ser desigual. E **coordinada**, pois propóñense accións e ideas conxuntas para conseguila.



Este plan establece os principais parámetros e instrumentos para a adaptación do conxunto do IES EBA a unha nova normalidade lingüística, coas máximas garantías de seguridade e ilusión.



O plan consta de **4 fases**, da 0 á 3. Cada membro da comunidade educativa que queira participar debe **comezar na fase 0** e irá avanzando progresivamente de fase ao ritmo que el/ela considere axeitado de acordo cos seus novos descubrimentos, coñecementos e comodidade lingüística, aínda que se propoñen accións e consellos para **un ritmo medio de dúas semanas por fase**. Polo tanto, este plan de desescalada do confinamento ten unha duración aconsellable de 6 semanas, para **comezar arredor do 7 de maio e rematar co final do curso escolar**, onde desexamos se poida **entrar nunha nova normalidade lingüística**.



FASES DO PLAN



Fase 0 ou de preparación da desescalada

Reflexión e incentivación.

Fase I ou de descubrimento

O que tal hai en galego!


Fase II ou de práctica interior

Mans á masa! Ou: unha parolada na cociña sempre se lle botou.

Fase III ou de socialización


O inicio do desconfinamento social.

Nova normalidade lingüística



Cronograma orientativo da desescalada

| DATAS ORIENTATIVAS | FASE |
|---|--|
| Ata o 17 de maio | Fase 0 (e inicio da Fase I) Reflexión e incentivación |
| Ata o 24 de maio | Fase I ou de descubrimento O que tal hai en galego |
| Do 25 de maio Ata o 7 de xuño | Fase II ou de práctica interior Mans á masa! Ou: Unha parolada na cociña sempre se lle botou |
| Do 8 de xuño Ata o 21 de xuño | Fase III ou de socialización O inicio do desconfinamento social |
| A partir do 22 de xuño | Nova normalidade lingüística |



***Ao longo das diferentes fases, o profesorado de Lingua galega e literatura poderá irche dando máis información, ofrecendo apoio e propondo tarefas, xogos e actividades complementarias a través da correspondente aula de Classroom, para así axudarche a superar esa fase, facer seguimento e valorar o teu traballo.**



Comezamos

Fase 0


ou de preparação da desescalada

Reflexión e incentivación

Data de referencia desta fase: ata o 17 de maio



Reflexión e incentivación



Pois, para axudarche a reflexionar sobre a lingua, a súa situación, os pasos que se poden dar, diferentes visións etc., podes comezar por ver algúns destes vídeos



01/01/2019. O antes e despois na vida de Alba Rodríguez: <https://youtu.be/JsR55MVLnwc>



Escolle non escoller, de Manuel Núñez Singala: <https://youtu.be/eEHu1oVdf2s>



Manual de autoaxuda para neofalantes, de Belén Regueira: <https://youtu.be/lozXGh5jh-c>



O galego é. Unha visión sobre a lingua galega por parte dunha andaluza que vive na Coruña, Carmen Grimaldi: <https://youtu.be/DBDfiMmkipc>



O galego, lingua ártica, de Rosalía Fernández Rial: <https://youtu.be/Oy7R1ALqMY0>



Unha ducia de cousas para darlle á lingua, de Nel Vidal: https://youtu.be/9J_iI5hiKVA

Fixamos o noso lema!

Temos que prepararnos, motivarnos para levar adiante este plan. Pensar, reflexionar en por que a lingua galega está confinada, por que non se usa en moitos espazos e situacións, e se se podería usar.



Pensa nunha frase que amose a ansia de desconfinar o galego. Un lema positivo para a lingua, que sexa sinxelo, atractivo, motivador, claro, que diga moito en moi pouco.

E ese lema tes que telo como referente en todas as fases deste proceso. Polo tanto, convérteo en camiseta e/ou en cartel e pono nun lugar visible, para que te acordes todos os días, cando o vexas, de que queres contribuír a desconfinar o galego.

E amósalle ese lema ao mundo!



Pasiño a Pasiño,
hei ir falando
galego un
pouquiño!

Pon a **camiseta** que fixeches ou colle o **cartel** na man, fai unha **foto** e **envíaa** a engalego@iesblancoamor.com ata, como **máximo**, o día **14 de maio** ás 14:00 h. As mellores camisetas e/ou carteis de cada ciclo terán **premio**, e con todas as demais enviadas farase un vídeo para amosármolles ao mundo que queremos desconfinar a lingua.

Olo!, é importante que nesa foto se vexa ben a camisola e/ou cartel, que se lea perfectamente o lema usado, que sexa orixinal e, ademais, o ideal é que saias tamén ti nela!

No correo debes especificar o teu nome e apelidos e o curso e grupo en que estás. Habrá seis premios, dous por categoría:

- 1º e 2º da ESO
- 3º e 4º da ESO
- Bacharelato
- Profesorado e persoal non docente (categoría sen premio)

Podes consultar as bases completas na páxina web do IES: www.edu.xunta.gal/centros/iesblancoamorculleredo



Este concurso faise en colaboración coa ANPA A Galera





A fase 0 pódela simultanear coa fase I

Fase I

ou de descubrimento

O que tal hai en galego!

Data de referencia desta fase: ata o 24 de maio





O que tal hai na música en galego!

**Hai música en galego de todos os estilos?
Escoitas normalmente grupos en galego?**

**Pois nesta fase do plan de
desconfinamento imos procurar descubrir
e coñecer algo de música na nosa lingua!**


**Comezamos por dous vídeos que tes que ver
para descubrir algo do que hai**



<https://youtu.be/M-WSEgb07Sc>



<https://youtu.be/QAoFF90EgYw>



**Que grupo che
gustou máis dos
que escoitaches?**

**Como viches, hai pop, hip
hop, rock, tradicional,
trap, electrónica... Hai de
todo!**

Pois aquí tes dúas listas de reprodución que tes que coñecer. Entra nelas, vai escoitando e descubriendo cancións, ponas en favoritas...



En Spotify

Galeguiza-T

Nova antoloxía da música galega contemporánea
(do IES Neira Vilas de Oleiros)

<https://i.gal/pp7Vp>



En Youtube

Música galega 2020

<https://i.gal/7pTky>



<https://i.gal/62UTu>

De paso bótalle un ollo a esta lista de reprodución de openings e endings de debuxos animados en galego ;-)



**E a música é para escoitar, claro que si,
pero tamén para cantar!
Así que, que tal un karaoke en familia?**

En “Cancións en galego” tes máis de 200 cancións coa letra para poderen ser cantadas, desde as máis clásicas ata as máis actuais.

Entra en <https://i.gal/0cgFg>
e a cantar coa túa xente!

**E, despois de todo o
que escoitamos e
descubrimos, imos
ver canto
aprendemos!
Así que, aquí van un
par de xogos...**

Kahoot de música en galego

Tes do 18 ao 24 de maio para xogar!
Entra en www.kahoot.it e xoga co código que o
día 18 che facilitarán en Classroom.



Ruleta “Música en galego actual”

Entra en <https://i.gal/2ttdx> e intenta adiviñar
as 26 letras da ruleta!



Top e tag de música en galego

Fai este top ou este tag de música en galego (ou os dous!) para compartir como historia no teu Instagram. Podes coller a imaxe base para facelo desde o teu teléfono no Instagram

@iesebaalumnado
(a partir de mediados de maio).

Tag de cancións en galego
@iesebaalumnado

Canción favorita

Canción que me pon alegre

Canción da infancia

Canción para bailar

Canción que escoitaría na praia

O meu top 5 de música en galego
@iesebaalumnado

1 _____

2 _____

3 _____

4 _____

5 _____

Conversamos con Verto



Puro ocio

Oie gayego

Pa'impresionar

Rebolando x ti


Algo que non sexa

Mellor así

...

O xoves 21 de maio, ás 19:00 h, manteremos unha conversa en directo co grupo galego de moda: Verto. Será a través da conta de Instagram [@iesebaalumnado](#).

Envía antes as túas preguntas a esa conta e sigue a conversa en directo!



Fase II ou de práctica interior

Mans á masa!

Ou: unha parolada na cociña sempre se lle botou

Datas de referencia: do 25 de maio ao 7 de xuño



Na fase 0 xa nos preparamos, pensámolo e collemos forza. Na fase I descubrimos moitas cousas que hai en galego que, se cadra, descoñecemos e, agora, na fase II, **tócanos comezar a soltarnos e falar algo, non? Pois veña!**

Podemos comezar de moitas maneiras, pero propómosvos comezar cunha actividade que se pode facer na casa, coa familia, en equipo, para todas as idades, na que hai que ir falando para ir vendo como se fan as cousas e para facer todo en colaboración...

Así que, mans á masa!

Propómosvos preparar unha **receita en familia**, de tal maneira que todo o proceso de elaboración o fagades en galego. Vaia, que faledes en galego mentres a facedes!

Mentres a ides facendo, non pode quedar atrás ningún detalle. Preguntade todo. Comentade todo. Opinade de todo. **Falade. Falade. Falade.**

Ah!, se queres ideas, nesta canle <https://i.gal/fPpqZ> ou nesta lista de reprodución de Youtube <https://i.gal/riYMK> podes descubrir unhas cantas receitas ben apetitosas!



Que tal a experiencia? Como foi? Doadora? Difícil? Simpática? Curiosa? Estraña? Agradable? Bonita?

Esa **receita** que fixestes e que tan ben vos saíu tes que dála a coñecer ao mundo! Entón:

- Recolle a receita **por escrito**, ben presentada e explicada, para entregarlle á/ao profe de galego na correspondente tarefa de Classroom. Esa receita ten que ter todo o que ten que ter unha receita! Ingredientes e cantidades, proceso paso a paso e tempos, valoración do resultado etc. e, para que quede máis clariña, podes incluír imaxes, debuxos etc. Ollo!, préstalle especial atención á lingua, á redacción, ao léxico etc.
- Ademais, tamén a podes explicar a través dun **vídeo**, para así participar no concurso da seguinte fase, do que che falaremos máis adiante!





Se vos resultou agradable, xa sabedes, a repetir sempre

que queirades! **Xa estades preparados e**

preparadas para falar en galego

cando queirades na cociña para as comidas,

para preguntarlles aos teus que tal ou para dicirlles *qrt*

m8, para facer a limpeza dos baños ou cuartos, para

xogar a xogos de mesa, para debater sobre a situación

social, para falar de fútbol ou de música...

para o que se vos ocorra!

Fase III

ou de socialización

Datas de referencia: do 8 ao 21 de xuño



Xa descubrimos moitas cousas en galego e xa nos soltamos a falalo algo máis na casa, coa familia.

Así que, si, chegou o momento de experimentar o desconfinamento tamén social!

Preparada?

Preparado?

**Aquí van 4 propostas ou retos
para axudarche a conseguilo!**

**1
Whatsapp**

**2
Instagram**

**3
Tik Tok**

**4
Vídeo**


1
Whatsapp

Elixo un **amigo**, unha **amiga** ou un **grupo** de amigas/os con quen, durante as dúas semanas desta fase, intercambiades as **mensaxes** de Whatsapp, de texto e de voz, **en galego**.



2
Instagram

Durante esta segunda fase, publica, como mínimo, unha entrada e cinco historias en galego en Instagram.



3 Tik Tok

Se usas **Tik Tok**, fai tamén un **en galego**. Pode ser algún **baile** con música en galego, algún **tag**, algún **reto**, algo de **humor**... Seguro que se che ocorre algo ben chulo!



4 Vídeo

E aquí está o segundo **concurso** deste plan! A receita dese prato que che sae tan ben? Un booktuber do último libro que liches? Un cover en galego da túa canción favorita? Un vídeo de presentación do IES EBA? Consellos dos pasos que hai que seguir para consumir menos plástico? Hai unha chea de posibilidades e ideas para **converter en vídeo!**

segue



Fai o teu vídeo e entrégao, como **máximo**, o día **12 de xuño** ás 14:00 h. Os mellores vídeos de cada ciclo terán **premio!**

Ademais, os vídeos valoraranse como traballo voluntario da materia de Lingua galega.

En canto a criterios e contidos, o tema é libre e deben estar en galego. Polo demais, deben seguir, en xeral, as bases do premio www.youtubeiras.gal, aínda que o teu vídeo non o tes que publicar, só presentalo ao certame do IES EBA (despois, se tamén o queres presentar a ese premio, adiante, por suposto!).

De todos os xeitos, nas últimas semanas de maio consulta as bases completas na páxina do IES.

Haberá seis premios, dous por categoría:

- 1º e 2º da ESO
- 3º e 4º da ESO
- Bacharelato

Poderás consultar as bases completas na páxina web do IES:

www.edu.xunta.gal/centros/iesblancoamorculleredo

Tamén obterás consellos e máis información nas aulas de Classroom da LGL.

Este concurso faise en
colaboración coa ANPA A Galera






Que tal o inicio deste desconfinamento social? Como foron os retos? Fixéchelos todos? Comentáronche algo por usar o galego nas redes? Foi doado ou difícil? Seguro que todo moi normal, ou non?

Se tes algunha anécdota ou reflexión sobre isto, coméntaa co teu/túa profe de lingua galega!

Agora que xa descubriches moitas cousas que hai en galego. Agora que xa probaches a usalo na casa coa familia. Agora que xa o utilizaches nas redes sociais co mundo exterior...

Agora xa tes o galego desconfinado e xa non está tan pechado, polo que xa podes usalo, sen medo, cando queiras!



Así que, se fixeches todo ata aquí...

**benvida/ o á nova
normalidade lingüística!**



Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega
IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo
engalego@iesblancoamor.com